

# Unha historia conmovedora e universal sobre a amizade, os desencontros e as reconciliacións

Publicado orixinalmente en Australia pola editorial indíxena Magabala Books, traemos ao galego por vez primeira o álbum ilustrado de Dub Leffler **HABÍA UNHA VEZ UN NENO**. Unha historia sinxela e universal que conmove dende a primeira páxina. As ilustracións son magníficas, verdadeiras obras de arte.

## TEXTO CONTRACAPA

*Unha historia conmovedora e universal sobre a amizade, os desencontros e as reconciliacións. "Escribín HABÍA UNHA VEZ... para amosarlle a quen o lea que os nenos tamén teñen sentimentos –igual que as nenas– e que outras persoas tamén nos poden facer dano, e non pasa nada, sobre todo cando deixas que as amizades che boten unha man cando te sentes triste." Dub Leffler.*

## ARGUMENTO

Había unha vez un neno que vivía só nunha illa. De súpeto coñece a unha nena. El pídelle que non mire dentro dunha pequena caixa que el garda con moito segredo, pero a ela pódelle a curiosidade... Ao final triunfa a reconciliación, a comprensión, a xenerosidade e a amizade.

## CLAVES PARA A LECTURA

Partimos dunha historia sinxela e universal: a inocencia da amizade, os desencontros e as reconciliacións. A través dun relato que xira arredor dun neno, unha nena, unha illa deserta, un froito que sabe a chocolate e un corazón roto, extraemos unha lección para todos. A necesidade de compartir e comprender os sentimentos das outras persoas, poñéndonos na súa pel.



➔ Idade de interese: +6 ➔ Nivel de lectura: +6

As ilustracións son magníficas: as imponentes paisaxes da illa, un oceano que vai cambiando as súas cores, as sombras dos mangleiros ou a forza dese corazón dourado... son todas verdadeiras obras de arte.

**DUB LEFFLER** pertence a unha familia de trece irmáns da pequena cidade de Quirindi, ao sur de Tamworth, en Nova Gales do Sur (Australia). Descende dos pobos indíxenas Bigambul e Mandandanji no suroeste de Queensland. Dub empezou a súa carreira nas artes visuais como animador e traballou como muralista e profesor de arte. Leva ilustrados varios libros para nenas e nenos e

ten colaborado con ilustradores recoñecidos internacionalmente como Colin Thompson, Shaun Tan e Banksy. *Había unha vez un neno* é o primeiro libro escrito e ilustrado por Dub.



FICHA TÉCNICA 76 pp. 26,5 x 20 cms

ISBN: 978-84-16460-60-1

PVP: 18,90 € Capa dura. Cosido. Offset.

Tradución ao galego: MARTA PÉREZ e QUIQUE ALVARELLOS.

Coa supervisión de MARÍA REIMÓNDEZ.



EDITORA  
**alvarell**

verdemar@alvarells.info  
981522137 - 609908852